
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO ATENDA AS DEMANDAS DAS E DOS TRABALLADORES DO SERVIZO MUNICIPAL DE CENTROS SOCIOCULTURAIS EN FOLGA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta o seguinte ROGO ao Pleno da Corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 25 outubro de 2021 a Xunta de Goberno Local aprobou a licitación do expediente denominado "Xestión da rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela", por dous anos, e por un importe de 2.600.210,66 euros (IVE incluído). Dividindo o servizo en catro lotes: Animación sociocultural, Bibliotecas, Atención ao público e Novas tecnoloxías.

Máis de oito meses despois do inicio desa licitación, non será ata o próximo 1 de xullo de 2022 cando as novas empresas comencen a dar o servizo, salvo no lote relativo ás Novas Tecnoloxías, que tivo que ser licitado novamente tras quedar deserto no primeiro procedemento, e que na actualidade se atopa aínda na fase da avaliación de ofertas. E a situación non pode ser máis desastrosa, tal e como quedou reflectido en todo este tempo onde o novo contrato deste servizo foi numerosas veces obxecto de debate no Pleno. En varias ocasións os grupos municipais da oposición, no seu labor de control do goberno, presentaron varias iniciativas para que se correxiran anomalías, incoherencias, incongruencias, imprecisións, erros e outros fallos que poderían ter sido detectados nunha simple lectura con certa profundidade.

Diante destas iniciativas dos grupos políticos da oposición, o concelleiro-delegado só tivo como resposta unha fuxida cara adiante, limitándose a ler os papeis que lle preparan para que teña algo que dicir no Pleno e sen tomar decisión algunha para reverter a situación. Mentres, as e os traballadores da concesionaria da rede de Centros veñen manifestando a súa preocupación polo inexistente diálogo co goberno local -algo xa habitual e normal neste mandato municipal- que se negou a ter en conta as súas opinións e apreciacións, a pesar de seren empregadas dun servizo municipal. Ata o punto de que desde outubro do 2021 o concelleiro delegado e o alcalde só encontraron un oco na súa axenda o pasado 30 de maio para reunirse co comité de empresa.

Finalmente, e diante da inexistente resposta e capacidade de reacción do goberno local, convocouse unha folga no servizo -a primeira folga en servizos municipais desde hai máis de 11 anos, posto que

nas últimas anteriores tamén foron con Bugallo de alcalde- que está a ter un importante seguimento e que centra as súas reivindicacións nas seguintes demandas tal e como recolle o comunicado do comité de folga:

As dúbidas coas que nos atopamos e ás que non dan resposta seguen sendo as mesmas ca en outubro. Que vai acontecer cos traballadores que prestan o servizo de informática, lote que quedou deserto, debido á inexistencia de empresas que concursasen no mesmo? Por que as novas contratacións que se realizarán non se rexerán polo Convenio propio? Por que non están ben contabilizadas as horas a executar e como vai repercutir isto no persoal subrogable? Como asegurarán que as empresas entrantes respecten o Convenio propio? Como afectará a entrada dun centro especial de emprego ó persoal que está en activo? Como se homologará a experiencia de quen leva anos na Rede sen ter a formación que agora esixen os novos pregos?

O Concello de Santiago ten que actuar e ser proactivo para que o próximo 1 de xullo, coa entrada das novas empresas, poidan comezar a traballar con tranquilidade e bo pé, para que se poida pór fin á folga e así non prexudicar máis o servizo; para que poidan desenvolverse con normalidade os programas de conciliación de verán cando as familias máis o necesitan, para que se poidan levar adiante os campamentos de verán.

Polo anteriormente exposto, e porque o goberno local non pode obviar un conflito laboral que afecta a un servizo municipal tan sensible e importante como o dos Centros Socioculturais, o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITA**:

- **Que se atendan as demandas das e dos traballadores do servizo municipal da Rede de Centros Socioculturais para que se manteña o convenio propio do servizo, para que se manteña o seu marco de negociación, e para que non existan dobres escalas salariais entre o persoal, tal e como se estableceu no anterior mantado municipal.**

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2022


Marta Lois González 
GRUPO MUNICIPAL

Portavoz do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO